

ANOTACIONES
sobre literatura e filosofía

nº 16, maio de 2017

Artur Casas-Agilda

*“Fronte ao problema da
representación: figura e realidade
en Wittgenstein e Borges”*

Euseino?

Anotacións 16

Anotacións sobre literatura e filosofía
nº 16, maio de 2017

Fronte ao problema da representación:
figura e realidade
en Wittgenstein e Borges

ANOTACIONES

sobre literatura e filosofía

nº 16, maio de 2017

Artur Casas-Agilda

*“Frente ao problema da
representación: figura e realidade
en Wittgenstein e Borges”*

Euseino?

Primeira edición (PDF), maio de 2017

ISSN 2340-8537

PUBLICACIÓN NON VENAL

Edición

Beatriz Fraga Cameán

Euseino? Editores

Fundación Euseino?

Rúa do Brasil 40-42, 5º Esda. 36204 Vigo, Galicia

<http://euseino.org>

El contacto y el hábito de Tlön han desintegrado este mundo. Encantada por su rigor, la humanidad olvida y torna a olvidar que es un rigor de ajedrecistas, no de ángeles.

Jorge Luis Borges, *Ficciones*

1

Introdución

O propósito último deste ensaio é a exploración da liña que separa a literatura da filosofía e os sistemas de estudo de ambos réximes discursivos, en ocasións tan só imaxinada e noutras imposible de trazar. Os textos básicos manexados para efectuar un achegamento a esta cuestión son o conto “Tlön, Uqbar, Orbis Tertius” (1944), de Jorge Luis Borges, e o *Tractatus Logico-Philosophicus* (1922), de Ludwig Wittgenstein. Esta meta pode ser descomposta noutras de carácter subordinado e, aínda que a metodoloxía empregada terá sempre a vista posta nela, resultará de seguro máis sinxelo entender os seus desenvolvementos particulares dende estas últimas.

Para o caso de Wittgenstein e a súa obra, tratarase de amosar as oportunidades e recursos que ofrece a campos de investigación que *a priori* poidan

parecer alleos, como o dos estudos literarios ou o dos estudos artísticos. Para o de Borges, a proposta é facer servir a súa narrativa como exemplo dun diálogo directo do ámbito da literatura co da filosofía (e outros como os da lóxica ou as matemáticas); o cal, dende o seu simple estímulo, esfumaría as diferenzas entre os polos do campo no que se desenvolve. En conxunto, a metodoloxía aplicada podería identificarse coa do comparatismo literario, sempre subordinada ao proxecto de favorecer o diálogo entre disciplinas e discursividades. Facer avanzar unha análise cuxos método de traballo e obxectos de estudo non poidan ser entendidos como propios dun discurso disciplinar único converte en necesaria a adopción de puntos de vista e aparatos teórico-conceptuais mixtos. Estes, aínda que resultan heteroxéneos na súa composición, deben tamén preservar a homoxeneidade e a cohesión relativas da proposta analítica.

As ferramentas empregadas para activar o labor comparativo nesta proposta organízanse en torno a dous espazos de reflexión teórica fundamentais. O primeiro deles ofrécete o propio *Tractatus*; o outro é un produto de investigacións no campo da

lóxica, importado polos estudos literarios. Trátase, respectivamente, do que propoño denominar “eixo *Satz-Bild-Wirklichkeit*” e da teoría dos mundos posibles. O ensaio traballará sucesivamente en cada un destes espazos, coa intención final de producir outro ulterior, mixto —demostrando deste modo a súa complementariedade— e dende o que sexa posible alcanzar algunhas conclusións.

Na orixe destas páxinas localízase un traballo académico dirixido polo profesor Darío Villanueva, da Universidade de Santiago de Compostela. A el e ao editor Carlos Lema, quen considerou oportuna a publicación, a miña gratitude.

2 Satz, Bild, Wirklichkeit

O eixo formado por *Satz*, *Bild* e *Wirklichkeit* (así como polas súas relacións) atopa a súa exposición máis concisa no punto 4.01 do *Tractatus*:¹ “Der Satz ist ein *Bild*² der *Wirklichkeit*. Der Satz ist ein Modell der *Wirklichkeit*, so wie wir sie uns denken” (32, cursiva engadida; “A *proposición* é unha *figura* da *realidade*. A *proposición* é un modelo da realidade tal e como a pensamos”). Os conceptos de “figura” (*Bild*) e “realidade” (*Wirklichkeit*), postos en relación polo de “proposición” (tamén “oración”, *Satz*), poden ser entendidos como os vértices conceptuais do espazo

¹ Para as citas do *Tractatus* emprego o texto orixinal en alemán, que acompaño co equivalente en galego a continuación e entre parénteses. A tradución é miña.

² *Bild* ten en alemán o significado máis común de “imaxe”. Porén, pre-firo empregar o termo “figura” a causa de proposicións como a 4.0621, “Dass aber die Zeichen «p» und «~p» das gleiche sagen können, ist wichtig. Denn es zeigt, dass dem Zeichen «~» in der *Wirklichkeit*

de investigación do *Tractatus*. Isto é certo cando menos para as consideracións relativas á lóxica e á filosofía, quedando as que se ocupan coa metafísica, a teoloxía, a ética e a estética; cuxos resultados, de todos os modos, son produto das conclusións alcanzadas con aquelas.

Wittgenstein non adiantou explicitamente a centralidade desta idea no prólogo ao *Tractatus*, onde establece como obxectivo “dem Denken eine Grenze ziehen, oder vielmehr—nicht dem Denken, sondern dem Ausdruck der Gedanken” (9; “trazar un límite ao pensar ou, máis ben, non ao pensar, senón á expresión dos pensamentos”), debido á súa convicción de que os problemas da filosofía se apoian nun “Mißverständnis der Logik unserer Sprache” (*ib.*; “[nunha] incompreensión da lóxica da

nichts entspricht” (38; “Pero que os signos «p» e «¬p» poidan dicir o mesmo é importante, porque amosa que o signo «~» non corresponde a nada na realidade”). En particular, debido ás súas connotacións, máis tendentes ao conceptual-relacional que ao visual. A transmisión simultánea de ambas sensacións, de todos os xeitos, estaba con seguridade na intención de Wittgenstein ao facer a escolla de palabras. Ao respecto, considérese por exemplo que á preferencia por *Bild* se contraponía, na segunda parte do punto 4.01, o feito de que a realidade “pensámola” (*denken*); en lugar dun máis esperable “percibímola”. Véxase tamén o 3.1, “Im Satz drückt sich der Gedanke sinnlich wahrnehmbar aus” (20; “Na proposición exprésase o pensamento de xeito sensorialmente perceptible”).

nosa linguaxe”). Porén, se se observan os sete puntos principais nos que articulou a obra pode verse que refiren aspectos relativos a todos ou a algún dos tres conceptos sinalados anteriormente. Cando, no mesmo prólogo, Wittgenstein establece que “Man könnte den ganzen Sinn des Buches [do *Tractatus*] etwa in die Worte fassen: Was sich überhaupt sagen lässt, lässt sich klar sagen; und wovon man nicht reden kann, darüber muss man schweigen” (9; “Podería resumirse o sentido enteiro do libro nas palabras: o que pode ser dito, pode ser dito claramente; e do que non se pode falar hai que calar”), está poñéndose en xogo tacitamente *Satz* mediante o verbo “sagen” e *Bild* e *Wirklichkeit* ao falar daquilo que pode dicirse claramente (casos nos que é posible producir un *Bild* apropiado para dar conta dunha *Wirklichkeit*) e daquilo acerca do que hai que manter silencio (casos nos que producir un *Bild* é absurdo ou imposible).

Pese a ser o punto 4.01 o que expresa dun modo máis sumario e completo as relacións entre os elementos que menciona, para a súa correcta interpretación é necesario ter en conta outros puntos previos do *Tractatus*:

1. Die Welt is alles, was der Fall ist. [11; “O mundo é todo o que é o caso”.]

1.1. Die Welt ist die Gesamtheit der Tatsachen, nicht der Dinge. [*ib.*; “O mundo é o conxunto dos feitos, non das cousas”.]

2.1. Wir machen uns Bilder der Tatsachen. [16; “Facémonos figuras dos feitos”.]

2.11. Das Bild stellt die Sachlage im logischen Raume. [*ib.*; “A figura representa o estado de cousas no espazo lóxico”.]

2.12. Das Bild ist ein Modell der Wirklichkeit. [*ib.*; “A figura é un modelo da realidade”.]

2.151. Die Form der Abbildung ist die Möglichkeit, dass sich die Dinge so zu einander verhalten, wie die Elemente des Bildes. [*ib.*; “A forma de figuración é a posibilidade de que as cousas se relacionen as unhas coas outras como [o fan entre si] os elementos da figura”.]

2.1511. Das Bild ist so mit der Wirklichkeit verknüpft—es reicht bis zu ihr. [*ib.*; “A figura está así enlazada coa realidade; chega ata ela”.]

2.17. Was das Bild mit der Wirklichkeit gemein haben muss, um sie auf seine Art und Weise—richtig oder falsch—abbilden zu können, ist seine Form der Abbildung. [17; “O que a figura ten que ter en común coa realidade para poder figurala ao seu modo e maneira —correcta ou falsamente— é a súa forma de figuración”.]

3. Das logische Bild der Tatsachen ist der Gedanke. [19; “A figura lóxica dos feitos é o pensamento”.]

3.1. Im Satz drückt sich der Gedanke sinnlich wahrnehmbar aus. [20; “Na proposición exprésase o pensamento de xeito sensorialmente perceptible”.]

En conxunto, estes puntos sumados ao 4.01 revelan o modo no que Wittgenstein tratou na súa obra as relacións *Satz-Bild-Wirklichkeit*, traducible nun esquema coa seguinte estrutura: [alguén] [compón (*denken*)] [unha figura (*Bild*)] [que modela (<*Model*>)] [unha realidade (*Wirklichkeit*)].

O significado dado a estes termos tal como se concreta no *Tractatus* permite realizar unha lectura de “Tlön, Uqbar, Orbis Tertius” (en diante, “Tlön”) que atenda ás relacións entre realidade e linguaxe dende un punto de vista moi similar ao adoptado por Wittgenstein na súa crítica da linguaxe. Na segunda das tres partes que conforman o texto de “Tlön”, o narrador afirma que logrou acceder ao décimo primeiro tomo da *First Encyclopaedia of Tlön* e describe o funcionamento “de un planeta desconocido [...] con su controversia teológica y metafísica” (21), cuxas “íntimas leyes que lo rigen han sido formuladas, siquiera en modo provisional” (22). A continuación, emprende un resumo dalgunhas desas leis e das súas consecuencias no cosmos de Tlön. Por exemplo, “su lenguaje y las derivaciones de su lenguaje —la religión, las letras, la metafísica— presuponen el idealismo” (*ib.*). Isto implica que, para os seus habitantes, o

mundo “no es un concurso de objetos en el espacio; es una serie heterogénea de actos independientes” (22-3). Nas linguas do seu hemisferio sur “no hay sustantivos [...]: hay verbos impersonales, calificados por sufijos (o prefijos) monosilábicos de valor adverbial” (23) e nas do norte “el sustantivo se forma por acumulación de adjetivos” (*ib.*). Por outra parte, o “idealismo total invalida la ciencia” (24) e “los metafísicos de Tlön no buscan la verdad ni siquiera la verosimilitud: buscan el asombro. [...] Saben que un sistema no es otra cosa que la subordinación de todos los aspectos del universo a uno cualquiera de ellos” (25). En canto á literatura e o seu estudo, “se ha establecido que todas las obras son obra de un solo autor, que es intemporal y anónimo” (29).

A exposición de Borges nestes fragmentos, aínda que afastada da minuciosidade do *Tractatus*, debuxa un método analítico-dedutivo moi similar ao que guía a Wittgenstein na súa investigación. A premissa central que serve como punto de partida é a natureza das linguaxes de Tlön, da que todos os compoñentes dos sistemas epistemolóxicos (científico-rationais, teolóxicos, historiolóxicos, estéticos, etc.) desenvolto no planeta son presentados como

derivacións determinadas. Asemade, o feito de que Tlön sexa percibido como un posible mundo invertido respecto ao real avanza a idea —ou polo menos ofrece as ferramentas conceptuais e os esquemas de pensamento necesarios para concibila³— de que os sistemas epistemolóxicos propios do noso mundo xiran tamén arredor da estrutura das nosas linguas.

Esta é precisamente a proposta de Wittgenstein. A comprensión de relixión, letras e metafísica como “derivacións” da linguaxe establece unha interpretación destas disciplinas por completo afin á anunciada no prólogo do *Tractatus* e reafirmada en puntos como o 4.003, “[...] Die meisten Fragen und Sätze der Philosophen beruhen darauf, dass wir unsere Sprachlogik nicht verstehen” (32; “A maioría das preguntas e proposicións dos filósofos apóianse no feito de que non entendemos a nosa lóxica lingüística”) ou o 4.0031, “Alle Philosophie ist «Sprachkritik»” (*ib.*; “Toda filosofía é «crítica lingüística»”). O asombro que pretenden provocar os metafísicos de Tlön cos seus sistemas correspóndese cunha situación similar á que resultaría da combinación da aceptación dese

³ Os xeitos nos que esta operación podería resultar posible analizaranse no seguinte apartado.

punto 4.003 cun desexo de seguir a facer metafísica, que Wittgenstein entende como absurdo:

6.53 Die richtige Methode der Philosophie wäre eigentlich die: Nichts zu sagen, als was sich sagen lässt [...] und dann immer, wenn ein anderer etwas Metaphysisches sagen wollte, ihm nachzuweisen, dass er gewissen Zeichen in seinen Sätzen keine Bedeutung gegeben hat. Diese Methode wäre für den anderen unbefriedigend—er hätte nicht das Gefühl, dass wir ihn Philosophie lehrten—aber sie wäre die einzig streng richtige. (111; “O método correcto da filosofía sería en realidade este: non dicir nada máis que o que pode dicirse [...] e entón, cando alguén quixese dicir algo metafísico, probarlle que nas súas proposicións non lle dera significado a certos signos. Este método resultaría insatisfactorio para el —non tería o sentimento de que lle ensinamos filosofía—, pero sería o único estritamente correcto”.)

O contraste entre as linguas do hemisferio sur e o norte, de estrutura interna completamente distinta e apoiadas respectivamente nos verbos e nos adxectivos como unidades fundamentais de contido referencial, significa a configuración de dous sistemas de representación diverxentes para unha mesma realidade (a do mundo de Tlön). Wittgenstein concedería a posibilidade de linguas deste tipo, a vulgar polas implicacións de puntos como o 4.0621, “Die Satzes «p» und «~p» haben entgegengesetzten Sinn, aber es entspricht ihnen eine und dieselbe Wirklich-

keit” (38; “As proposicións «p» e «~p» teñen un sentido oposto, pero correspóndese con elas unha e a mesma realidade”).

O elemento de “Tlön” cuxa lectura dende o sistema do *Tractatus* representa posibilidades máis interesante son os *hrönir*. Produto de “siglos y siglos de idealismo [en Tlön, que] no han dejado de influir en la realidad” (30), un *hrön* é un obxecto xerado da nada, que se manifesta a partir da súa busca por parte de alguén a quen se lle describira dito obxecto, ou amosara unha imaxe del. O esquema deseñado para as relacións *Satz-Bild-Wirklichkeit* no *Tractatus* pódese empregar para acoller o modo en que funcionan os *hrönir* en Tlön. Só é necesario un matiz semántico: [alguén] [compón (*denken*)] [unha figura (*Bild*)] [que *literalmente* modela (<*Model*)] [unha realidade (*Wirklichkeit*)]. No mundo deseñado por Borges, as figuras da realidade configuradas no pensamento dun individuo⁴ son capaces de dotar de existencia a estados de cousas que antes da súa figuración non formaban parte da realidade.

⁴ Téñase en conta 3, “Das logische Bild der Tatsachen ist der Gedanke” [19; “A figura lóxica dos feitos é o pensamento”].

Por outra parte, a evidente presenza do humor nos fragmentos de “Tlön” citados polo de agora distingue tamén o seu carácter formal respecto ao do *Tractatus* pero esconde outra afinidade. Ao configurar como o fixo as “íntimas leis” establecidas para Tlön, Borges permitiu que nelas fosen recoñecibles ideas formuladas dende diversas disciplinas e por autores reais; chegando incluso a facer mencionar os nomes dalgúns destes autores ao seu narrador, co aparente pretexto de ofrecer unha referencia dende a que entender a lóxica que goberna Tlön:

Hume notó para siempre que los argumentos de Berkeley no admiten la menor réplica y no causan la menor convicción. Ese dictamen es del todo verídico en su aplicación a la tierra; del todo falso en Tlön. Las naciones de ese planeta son —congénitamente— idealistas. (22)

Neste contexto son aludidos, ou directamente mencionados, Baruch Spinoza, Gottfried Leibniz, George Berkeley, Arthur Schopenhauer, Hans Vaihinger, Alexius Meinong, Paul Valéry e Bertrand Russell (*vid.* Fernández Ferrer 130-9 para máis información). Un dos efectos destas alusións é, polo tanto, a presentación das súas respectivas teorías literarias ou filosóficas baixo unha luz de efecto cómico. Os sistemas e conceptualizacións destes autores semellan

fóra de lugar (mesmo aparecen como absurdos ou, cando menos, exhibindo unha intolerable distancia coa realidade) no noso mundo, ao que Tlön se opón como posible inversión. Isto é así precisamente porque a complexidade dos seus sistemas de pensamento serve, nese contexto, tan só para aproximar tentativamente a realidade percibida como tal polo sentido común dos habitantes de Tlön. Para Tlön serían xogos especulativos: insuficientes, insatisfactorios, expresados con pobreza e cunha terminoloxía e gramática inadecuadas. Para o noso mundo, ficcións: afástanse en exceso da realidade para tender a achegarse a un mundo invertido; resultan un esforzo inxustificable por fuxir do aparente e condenado a fracasar, dado que a linguaxe na que foron expresados apunta na dirección oposta á da súa fuga:

Spinoza atribuye a su inagotable divinidad los atributos de la extensión y del pensamiento; nadie comprendería en Tlön la yuxtaposición del primero (que sólo es típico de ciertos estados) y del segundo —que es un sinónimo perfecto del cosmos—. (24)

A decisión de Wittgenstein de non aducir fontes é formalmente oposta á erudición que Borges despreza ao longo de cada páxina pero a imaxe resultante da toma de posición das súas obras fronte a unha tra-

dición de pensamento previo é a mesma. O texto presente sitúase na fin da antedita tradición, atopando que os problemas seguen a ser os mesmos e que os textos precedentes non serven de escusa para non preguntar de novo por eles. As insuficiencias dos sistemas do pasado motivan tanto o silencio por parte de Wittgenstein como a reserva en Borges dun amplo lugar para outras voces; de novo, baixo unha luz de comicidade, distancia irónica ou, cando menos, curiosidade intelectual carente de compromiso ou militancia.

Ora ben, a pregunta clave resulta entón evidente: cal é o problema fundamental que “*Tlön*” e o *Tractatus* confrontan? Cal é o vector das súas investigacións que asegura a traducibilidade dos seus discursos aos termos dos do outro e a ocasional coincidencia de argumentos teóricos? Malia Borges e Wittgenstein compartiren unha serie de influencias de entre as cales a de Schopenhauer⁵ aparece como a máis patente, só a coincidencia nos seus puntos de mira e na cuestión identificada como de máximo interese podería asegurar os encontros ante-

⁵ Existe unha ampla bibliografía dispoñible para o estudo desta influencia sobre ambos autores. Para o caso de Borges pódense ver os artigos de Marina Martín “Borges Via the Dialectics of Berkeley and

riormente aludidos. Por ese mesmo motivo, esta cuestión pódese explicar para ambas as obras a partir do obxectivo que declarou Wittgenstein para o seu *Tractatus* —trazar os límites ao pensamento e, en particular, á súa expresión—, da única opción que ese obxectivo deixa para seleccionar a metodoloxía apropiada e dos problemas que atopa de xeito inevitable.

En palabras de David Pears, se o pensamento e a linguaxe teñen límites “non existe [no sentido de que non pode pensarse ou concibirse] o «outro lado» do límite, de modo que a tarefa de trazalo é algo así como calcular a curvatura do espazo mesmo” (Pears 80). É dicir, esa tarefa en Wittgenstein implicaba un traballo dende dentro cara a un

Hume” (2000) e “Borges, perplejo defensor del idealismo” (2002). Na obra do propio autor pódense anotar a aparición continua do nome de Schopenhauer en *Inquisiciones* (2001) e a centralidade do seu pensamento filosófico en ensaios coma “Nueva refutación del tiempo”, incluído en *Otras inquisiciones* (2002). Antonio Fernández Ferrer, ademais, recolle a seguinte afirmación de Borges: “Yo leí muchos libros de filosofía, y creo que si tuviera que atenerme a un libro ese libro sería *El mundo como voluntad y representación*. Desde luego, el Universo sigue siendo misterioso, pero me parece que de todas las doctrinas filosóficas, la de Schopenhauer es la que más se parece a una solución” (1988 242-3). Respecto a Wittgenstein, pódense consultar, por exemplo, os capítulos correspondentes en *The Philosophy of Schopenhauer* (1983) de Bryan Magee e *A Companion to Schopenhauer* (2012), editado por Bart Vandenabeele.

fóra que, dende ese dentro, non resulta accesible. Borges, pola súa parte, estableceu no seu conto unhas directrices para entender o funcionamento de Tlön centradas no completo relativismo escéptico dun Berkeley esaxerado —ata o punto de que se nega a idea dunha entidade que manteña a súa identidade ao longo do tempo (26-8)—, o cal parece partir da configuración das súas linguas. Porén, o punto de vista dende o que se dá conta desta situación é a dun falante de castelán que le unha enciclopedia escrita en inglés. Así, a base da diverxencia entre o mundo de Tlön e o do narrador é exactamente o mesmo factor que lle impide expresar dun modo adecuado as leis daquel e o obriga a botar man constantemente de fórmulas que matizan liñas previas, apoiadas en procedementos lingüísticos ou concepcións epistemolóxico-ontolóxicas que serían ilícitas para Tlön. Por exemplo, respecto ao materialismo dise que “El lenguaje de Tlön se resistía a formular esa paradoja” (27); ou, dun xeito similar, tras a explicación xa aludida de que, para os metafísicos de Tlön, un sistema é a subordinación de todos os aspectos do universo a un calquera deles, aclárase: “Hasta la frase «todos los aspectos» es

rechazable, porque supone la imposible adición del instante presente y de los pretéritos. Tampoco es lícito el plural «los pretéritos», porque supone otra operación imposible” (25).

Dende posturas e propósitos moi distintos, tanto Borges como Wittgenstein presentan na estruturación de ideas que desenvolven nas súas obras o exposto no punto 5.6 do *Tractatus*: “*Die Grenzen meiner Sprache bedeuten die Grenzen meiner Welt*” (86; “Os límites da miña linguaxe significan os límites do meu mundo”). Tanto “*Tlön*” como o *Tractatus* poden ser entendidos como unha exploración do significado profundo da idea de base sobre a que esa proposición repousa. Wittgenstein traballa sobre ela de dentro cara a fóra, Borges imaxina un fóra cuxo pensamento e expresión presentan problemas que poden servir tamén para delimitar os límites do “dentro” e a súa estrutura fundamental. Os recursos dos que dispón “*Tlön*” en canto texto literario para desenvolver esa investigación serán analizados no apartado seguinte.

Mundos posibles, mundos ficcionais

CONSIDERACIONES TEÓRICAS

A orixe do concepto “mundos posibles” adoita fixarse nos *Essais de Théodicée* de Leibniz. No contexto da súa teoloxía natural, Leibniz viuse obrigado a empregar esta expresión dada a súa intención de caracterizar Deus como causa primeira e necesaria fronte a todos os demais compoñentes do cosmos. A continxencia destes compoñentes, aos que Leibniz no seguinte fragmento chama *les choses*, suxire a idea dun “mundo posible” no que os elementos do real e actual non existisen ou tivesen lugar doutro modo:

Dieu est la première raison des choses; car celles qui sont bornées, comme tout ce que nous voyons et expérimentons, sont contingentes et n'ont rien en elles qui rende leur existence nécessaire [...]. Il faut donc chercher la raison de l'existence du monde, qui est l'assemblage entier des choses contingentes [...]. [C]e monde qui existe étant contingent, et une infinité d'autres

mondes étant également possibles et également prétendants à l'existence, pour ainsi dire, aussi bien que lui, il faut que la cause du monde ait eu égard ou relation à tous ces mondes possibles, pour en déterminer un. (77; cursiva é engadida)

A formulación contemporánea que no campo da lóxica modal se lle dá á expresión “mundos posibles” procede principalmente dos traballos de David Lewis e Saul Kripke. Ata a súa chegada e reintrodución deste concepto, a lóxica modal non dispuxo dunha semántica extensional ben definida; aínda que dende principios do século XX a disciplina avanza considerablemente o seu desenvolvemento traballando sobre a *Lóxica* de Aristóteles e as investigacións de Leibniz (Menzel 2016).

Kripke dá nome ao chamado Modal System K, cuxo modelo é o seguinte: (W, R, a) ,⁶ onde W é un set ou conxunto non-baleiro de mundos, R é unha relación binaria e “ a ” é unha función que asigna a cada proposición (en cada w , ou mundo, de W) un valor de verdade “verdadeiro” ou “falso”, de acordo coas condicións de verdade establecidas. Este é un dos sistemas básicos para a lóxica modal e permite

⁶ Para unha definición da configuración de “K” e para unha explicación do concepto de modelo en si mesmo, *vid.* respectivamente Halleck 2007, e Hughes e Cresswell 1973 (69-71).

ser fortalecido por sucesivos axiomas, resultando noutros sistemas como o System T —tamén denominado ás veces “System M”—, que resulta da adición do axioma “ $(M) \in A \rightarrow A$ ” a K e investigado orixinalmente por Gödel (Halleck 2007). Kripke deseñou a seguinte estrutura para un modelo normal de T: (G, K, R), onde “K is a non-empty set, $G \in K$, and R is a reflexive relation defined on K” (Kripke 68). Ou, lido doutro xeito, “a set K of possible worlds, with one element G singled out as the «real» world” (*ib.* 69), quedando R como a relación de accesibilidade reflexiva entre mundos (*ib.*, 70).

No relativo ás posibilidades que a teoría achega aos estudos literarios, Ruth Ronen afirma que as “notions of possibility and alternativity enable them to examine the accessibility relations between fictional worlds and *reality*” (25). Para esta autora, a semántica dos mundos posibles permite aos estudos literarios superar a “mimetic view [da literatural], namely that literature is a mode for directly representing or even reflecting the real world”. Dese xeito, esta semántica ofrecería un marco no que a ficción “is granted a direct position in relation to which the real world has no privileged position” (106).

A vantaxe ofrecida pola teoría dos mundos posibles en concreto para o estudo de “Tlön” resulta evidente cando unha parte do contido argumental do conto implica a configuración dun mundo ficcional (Tlön) dentro doutro mundo ficcional (o de, entre outros personaxes, o narrador). Aínda máis á luz das palabras de Lubomír Doležel que —segundo a conceptualización de Kripke— explican que “[os mundos posibles] non esperan a ser descubertos nalgunha depositaría remota ou trascendente, constrúenos as actividades creativas das mentes e as mans humanas” (32). É interesante comparar esta perspectiva con algunhas de entre as últimas liñas do conto:

Una dispersa dinastía de solitarios ha cambiado la faz del mundo. Su tarea prosigue. Si nuestras previsiones no erran, de aquí a cien años alguien descubrirá los cien tomos de la Segunda Enciclopedia de Tlön. Entonces desaparecerán del planeta el inglés y el francés y el mero español. El mundo será Tlön. (37)

Pese a esta complementariedade, resulta en calquera caso pertinente unha reflexión previa acerca dalgunhas das implicacións do uso da teoría dos mundos posibles no ámbito dos estudos literarios. Dado que a teoría e as súas ferramentas conceptuais proceden do campo da lóxica modal —e previamente

do da lóxica alxébrica de Leibniz e a súa teoloxía natural—, sería de esperar que ao ser importados polos estudos literarios, dende unha disciplina con obxectivos tan distintos aos seus, experimentasen cambios e variacións relevantes. Ronen acepta que o concepto “mundos posibles” xera un “interdisciplinary interchange” que parte de tomar o concepto como “common point of reference where problems raised by each discipline separately seem to converge” (47). Por outra parte, ve necesaria certa cautela respecto á suposición dun acceso e un traballo idéntico por parte de cada disciplina respecto a ese espazo interdisciplinar de intercambio:

[D]ialogue among the disciplines is more intricate than it seems, because talk about possible worlds turns out to be talk about different things in each particular discipline [...] due to the nature of the disciplines involved, which dictates a priori a unique set of problems to which possible worlds are applied, and a substantially different interpretation of the concept. (47)

A dificultade principal que atopa o proxecto da aplicación da teoría dos mundos posibles aos estudos literarios probablemente sexa a que Darío Villanueva presenta coas seguintes palabras: “ese carácter autónomo e inmanente del mundo posible [...] [que] nos sitúa de lleno [...] en una semántica intensional, aten-

ta tan solo al juego de las formas de expresión, más que a la relación de referencia” (108). Para Villanueva, o ideal consistiría en “encontrar el punto de intersección entre la autonomía del mundo creado y su función referencial, que no se puede obviar” (108-9). A pesar de que no presente traballo non se asume esta mesma lectura —é dicir, a falta de validez, debido a esa aparente insuficiencia, do proxecto da aplicación da teoría dos mundos posibles no ámbito do discurso literario—, resulta evidente a importancia de acoller no aparato teórico esa “función referencial”.

DÚAS ANÁLISES DE “TLÖN, UQBAR, ORBIS TERTIUS”
DENDE A TEORÍA DOS MUNDOS POSIBLES

Dende o punto de vista de Ronen, mentres que para a lóxica modal o concepto de accesibilidade é “defined [...] as *relative possibility*. That is, what determines the relation of one world being possible relative to another, and how is that relative possibility settled (relative to what criteria)?”⁷ (61), o seu uso

⁷ Unha ampliación desta explicación podería ser a seguinte, onde “R” refírese a relación de accesibilidade: “Given any two worlds $H_1, H_2 \in K$, we read ‘ H_1RH_2 ’ as H_2 is ‘possible relative to H_1 ’, ‘possible in H_1 ’,

nos estudos literarios seguiu dous camiños diverxentes. “[O]ne stems from a literal understanding of accessibility; the other from the logical meaning of accessibility” (93). Partindo desta diferenciación, a continuación darase paso a dúas análises de “Tlön” en representación de cada vía, co obxectivo último de facelas funcionar de xeito complementario, de modo que resulte posible cumprir os requisitos sinalados anteriormente: manter a autonomía e a inmanencia do mundo ficcional e, ademais, explicar o funcionamento da súa función referencial.

Accesibilidade como lexibilidade

Na lectura de Ronen, a accesibilidade fai referencia a “the position of the reader relative to the fictional world”, no sentido de que os mundos ficcionais son “epistemologically accessible but physically inaccessible from the real world” (93-4). Para o presente ensaio considéranse pertinentes os apuntamentos respecto á posición do lector en relación cos mundos ficcionais e o seu acceso epistemolóxico a

or ‘related to H1’; that is to say, every proposition true in H2 is to be possible in H1. Thus the [...] relative notion, of one world being possible relative to another” (Kripke 70).

estes; porén, observarase tamén un elemento que Ronen non manexa na súa formulación: o texto e a súa lectura. A idea fundamental na que se basea este xeito de desenvolver a análise é a de que os mundos posibles no ámbito da ficción —*mundos ficcionais*, de agora en diante— son construídos dende textos (entendido o termo nun sentido amplo) que satisfán no seu interior unha esixencia moi similar á cuberta por a no sistema K . Isto é, a de asignar a cada proposición, en cada mundo w do set \mathcal{W} , un valor de verdade. *Moi similar* e non idéntica por unha característica esencial dos mundos ficcionais que pode ser explicada coas seguintes liñas de Ronen referidas aos obxectos ficcionais: “Fictional objects denoted by fictional propositions are indeterminate and incomplete [...]: there are some properties with regard to which the question of whether p or $\sim p$ holds is indeterminate” (90).


En xeral, pode dicirse que a lóxica modal fai das relacións entre estados de cousas actuais, necesarios e posibles o seu obxecto de estudo. Este é o motivo polo que a noción de accesibilidade está obrigada a facer referencia ás *relative possibilities* entre mundos. Ao ter os estudos literarios, en cambio, o seu obxec-

to de estudo no fenómeno literario, a proposta que representa este traballo consiste en substituír neles (para este contexto) o concepto de accesibilidade pola noción epistemolóxico-estética da *lexibilidade* dun texto dende un mundo. Nese contexto, *lexibilidade* refírese a posibilidade que ofrece un texto configurador dun mundo ficcional para ser lido *como tal* (é dicir, como configurador dun mundo ficcional) dende un mundo determinado.


O esquema anunciado para a situación de “Tlön” parte da designación do noso mundo real⁸ como mundo cero (m0), da do mundo ficcional que Borges configurou —no que habita, por exemplo, o narrador— como mundo un (m1) e de Tlön —o mundo ficcional configurado pola sociedade secreta que escribe a *Primera Enciclopedia de Tlön* (33)— como

⁸ A posibilidade da delimitación exhaustiva de todos os valores de *a* para m0 podería ser identificada como un dos temas de reflexión fundamentais para Wittgenstein no *Tractatus*. Véxase, por exemplo, o punto 3.01, “Die Gesamtheit der wahren Gedanken sind ein Bild der Welt” (19; “A totalidade dos pensamentos certos é unha figura do mundo”). No uso que se fai do concepto de “mundo real” no presente ensaio non vai implícita a afirmación da posibilidade de realizar esa operación. O termo “real” na expresión referida é análogo ao índice cero na función-base que permite falar da configuración dun mundo ficcional e da lectura dun texto ficcional de xeito transcendental/non-mimético. Sumado a ese feito, que o termo “mundo” sexa

mundo dous (m2). O esquema descrito antes da “Postdata de 1947” é, polo tanto:




O proceso inacabado de confusión entre m1 e Tlön descrito pola posdata é representado polo esquema seguinte:



compartido tanto polo mundo real como polos mundos ficcionais referencia a posibilidade e mesmo a necesidade (*vid.* últimos parágrafos deste subapartado) da comparación dos seus procedementos *a* entre si. Así, o “mundo real” non é un *a priori* completamente determinado e determinable senón unha configuración retrospectiva dende un mundo ficcional xerado a partir del. É dicir, os únicos elementos e valores para *a* de m0 que ten sentido considerar neste tipo de análise son os que o texto ficcional activa mediante o que Ronen chama “the rhetoric of a fictional text” (94). Por exemplo, a proposición “todos os compoñentes dos sistemas epistemolóxicos son derivacións da estrutura das linguas naturais nas que estes son formulados” é certa en m2 (Tlön). O feito de que non estea probada en m0 forma parte desa estratexia retórica do texto ficcional e determina os resultados do proceso comparativo dos *a* de m0 e m1=m2.

De continuar a narración até un momento en que ese proceso se consumase, o esquema adecuado sería o representado por “a”); en ningún caso o representado por “b”):



O modelo para os esquemas anteriores é o modelo para o sistema K exposto anteriormente (*vid.* “Consideracións teóricas”), ao que só se lle engade a toma dun mundo de referencia dentro do set de mundos e unha modificación do significado de R . Polo tanto, (M, m_0, R, a) , onde M é un conxunto de mundos, m_0 o mundo de referencia e R a relación binaria de lexibilidade entre mundos, que substituiría á de accesibilidade en K . Por último, a quere significar o procedemento de asignación de valores de verdade a proposicións que establezan estados de cousas para un mundo ficcional e viría definido polo texto que o configure. A aproximación e a progresiva identificación dos valores do a para m_1 cos do a para

m_2 son representadas por medio dos signos “ \approx ” e “ $=$ ”. A comunicación dos límites de ambos mundos alude ao feito de que os valores do a para m_2 poidan afectar aos valores do a para m_1 (*vid.* subapartado “Accesibilidade como *relative possibility*”).

Ao contrario do que sucede en K e nos sistemas da lóxica modal en xeral, non se establece o tipo de relación que representa R para o sistema en conxunto senón para cada relación particular entre mundos. Nestes esquemas, cada “ \rightarrow ” representa a lexibilidade dun mundo m dende outro, polo que a ausencia de “ \rightarrow ” implica a ausencia de lexibilidade. Así, “ $m_0 \rightarrow m_1$ ” expresa: “(o texto que configura) m_1 é lexible dende m_0 ”. Dende o punto de vista de m_0 , o carácter distintivo de m_2 respecto a m_1 (o que lle outorga o índice 2 e non dá lugar a un esquema do tipo $m_1a \leftarrow m_0 \rightarrow m_1b$) vén dado pola súa lexibilidade dende un m_1 , que é á súa vez lexible dende o m_0 . O índice dá simplemente conta da lexibilidade duns mundos respecto a outros, non dun hipotético grao de ficción para cada mundo. Deixando á marxe m_0 (definido como o mundo real de referencia, en oposición a todos os demais, que son ficcionais), o que singulariza e caracteriza a cada m_n

(para os $n > 0$) é, en primeiro lugar, a súa creación dende un m_{n-1} e, en segundo lugar, o procedemento de asignación de valores a .⁹ Este é o motivo polo cal a representación correcta da consumación do proceso narrado na posdata de 1947 é a) e non b). O contido desta posdata pode expresarse sinalando que o procedemento a para m_1 está tomando os valores do procedemento a para m_2 . Porén, m_1 segue a ser configurado dende m_0 e m_2 dende m_1 . O signo “=” indica a igualdade de a para un mundo e outro, pero non identifica completamente mundos entre si posto que, como xa se explicou, só se dous mundos presentan o mesmo a e son configurados dende o mesmo m serían o mesmo mundo.¹⁰

⁹ Esta dobre determinación permite evitar problemas conceptuais como o que se daría no hipotético caso de que en m_1 alguén escribise un texto idéntico ao de “Tlön” con vontade ficcional. Así, ese texto non se referiría a ese mesmo m_1 senón que crearía un m_2 (porque o m dende o que o texto resulta inmediatamente accesible sería m_1 , non m_0 ; aínda que o a para estes mundos m_1 e m_2 resultaría idéntico).

¹⁰ Así, por exemplo, nada distingue a configuración de a para os mundos que crean o *Quixote* de Cervantes e o de Pierre Menard no conto de Borges “Pierre Menard, autor del Quijote”. As diferenzas xéranse no proceso interpretativo e de lectura, non na composición do mundo ficcional. Este é precisamente o interese de “Pierre Menard” e o aspecto do que se admira o seu narrador: dous a idénticos en textos ficcionais xeran procesos de lectura distintos; pero para que a admiración sexa posible e lexítima os a deben ser idénticos.

Esta conceptualización ofrece varias vantaxes en relación cos obxectivos marcados con anterioridade. En primeiro lugar, a inmanencia e autonomía do mundo ficcional quedan aseguradas. O procedemento *a* e a configuración dende outro mundo do texto que lle dá lugar poden ser entendidos como os dous elementos caracterizadores de todo mundo ficcional; un inmanente e o outro transcendente, respectivamente. Non obstante, só *a* achega información respecto ás leis e estados de cousas do mundo ficcional en cuestión e, polo tanto, o elemento de inmanencia abre o espazo para un achegamento epistemolóxico á obra literaria dende criterios tamén exclusivamente inmanentes. En segundo lugar, o criterio mimético ve minado o seu sentido dende esta visión por dous motivos fundamentais. O feito de se configurar un *a* para cada un dos mundos ficcionais e a proposta de contar cun *a* tamén para o mundo real elimina unha hipotética xerarquía na que este último dominaría sobre aqueles.

Emporiso, non é o movemento comparativo propio (aínda que non exclusivo) da mímese o que queda deslexitimado. Ao contrario: este xesto é fundamental para a preservación da función referencial

do texto ficcional, o último requisito de entre os establecidos anteriormente para dispoñer dunha teoría dos mundos posibles plenamente funcional no campo dos estudos literarios. A estrutura de mundos ficcionais é sostida pola lectura dos textos ficcionais: un procedemento epistemolóxico transcendente, de acceso dende (por exemplo) un mundo m_0 a un m_1 . Así, a base de acceso epistemolóxico que xera o punto de vista do lector, establecida en m_0 (e afectada polo a deste), non coincide co que podería ser referido como o seu lugar de traballo: o proceso de lectura é transcendente entre mundos ficcionais porque parte dun mundo pero recibe a configuración de a para outro. Esta tensión inestable é a que converte en irrefreable o proceso constante de construción e desmantelamento de comparacións entre o mundo-orixe e o mundo-destino.

A debilidade do criterio mimético neste contexto xorde en cambio do feito de que a base para este proceso de comparación consiste no papel de a como denominador común, configurado de distintos xeitos para cada mundo, en lugar de selo a oposición real/ficcional no contexto da relación entre o mundo real e os mundos miméticos derivados. É dicir, a ,

como procedemento que opera de xeito inmanente, admite comparacións entre mundos, pero en situación de igualdade e alteridade radical entre estes. Por outra banda, como quedará demostrado no seguinte subapartado, pese ao interese desta operación comparativa entre os *a* de distintos mundos, esta non permite unha apropiación sinxela por parte do punto de vista mimético. Polo menos se dende este se desexa poder xerar —do xeito en que este o permite— xuízos de valor respecto á proximidade (é dicir, á calidade da mímese) entre mundos ficcionais e o real.

Accesibilidade como relative possibility

A análise desenvolvida no apartado anterior non debería resultar excluínate coa posibilidade de manexar un concepto de accesibilidade que dea conta da “possibility of a fictional state of affairs relative to accepted versions of actuality” (Ronen 94). O mundo de Tlön, como se veu no subapartado “Accesibilidade como lexibilidade”, resulta da modificación e adición de pasaxes á *First Encyclopaedia of Tlön* por parte dunha sociedade secreta que pertence a m1. Na posdata, o narrador describe que

o que foi explicado como a progresiva identificación do a para m_1 e m_2 procede directamente dunha elección consciente tomada por parte dos habitantes de m_1 en conxunto: “¿Cómo no someterse a Tlön, a la minuciosa y vasta evidencia de un planeta ordenado? [...] Encantada por su rigor [o de Tlön], la humanidad olvida y torna a olvidar que es un rigor de ajedrecistas, no de ángeles” (36). Dese xeito, a definición dos valores de a que a sociedade secreta depara a Tlön (m_2) é tomada como certa para m_1 , progresivamente, por todos os habitantes do devandito mundo.

Dende unha perspectiva inxenua, sería posible propoñer que a proximidade dos valores definidos para a entre m_0 e m_1 é maior que a establecida entre calquera deles e m_2 . Esta afirmación é en realidade problemática: ademais dos que aparentemente son os únicos valores de a que manifestamente diverxen¹¹ entre m_1 e m_0 —relativos á existencia

¹¹ Considero unha diverxencia nos valores de a o feito de que nun mundo se asigne o valor “falso” para unha proposición que presenta noutro mundo o valor “verdadeiro”. Non corresponde tratar aquí a cuestión respecto á propiedade de denominar diverxentes os valores de a para unha proposición entre mundos cando calquera deles (ou os dous) presenta o valor “indeterminado”.

exclusiva en m_1 de determinadas persoas, sociedades secretas, libros, etc.— pode illarse outro de importancia crítica: de acordo co visto no parágrafo anterior, en m_1 é posible que a variación de valores para o seu a relativos á percepción da realidade (a humanidade de m_1 preferindo os modelos de Tlön) altere a antedita realidade no plano material. Así, aparecen en m_1 un compás e un cono de metal cuxa existencia previamente só era posible en Tlön (34-5); é dicir, exactamente a mesma lei descrita para Tlön no apartado 2 deste ensaio, o que suxire á súa vez outra lei para m_1 completamente allea a m_0 : a posibilidade de que o seu a adopte os valores dos a para mundos ficcionais configurados a partir del. Dese xeito, pódese dicir que esta lei inclúe a posibilidade de todas as outras leis de m_2 que hipoteticamente permitirían considerar ese mundo máis afastado de m_0 que m_1 . Tendo isto en conta, complicase marcadamente a proposta de sinalar unha similitude maior entre os procedementos de m_0 e os de calquera dos outros dous mundos.

Porén, non por iso é menos certo que, con seguridade, a proximidade (ou a *relative possibility*) sentida polo lector entre m_0 e m_1 será moi alta.

Ronen observa acertadamente que “the distance between fiction and actuality, or their relative possibility, is part of the rhetoric of a fictional text”, polo que “the more a fictional world is presented as possible relative to actuality, the more the rhetoric of fiction will emphasize the great extent to which it draws on a world familiar to its readers” (94-5). Para progresar a partir desta reflexión faise desexable un punto de apoio teórico que permita reflectir a completa independencia que existe entre os valores que tome *a* para un mundo determinado e a “retórica” e “presentación” dos textos ficcionais configuradores de mundos. O necesario, como indica Villanueva nun contexto distinto ao desta investigación, sería atender a “cuáles sean las formas que, sin reproducir, por supuesto, la realidad mejor que otras, estimulan sin embargo más intensamente una actualización realista del texto al que pertenecen” (171). É dicir, para o caso, atender á forma do texto que configura *m1* e buscar a fonte desa sensación de proximidade experimentada ao comparalo co noso *m0*.

Antonio Fernández Ferrer considera que “*Tlön*” é unha “amalgama inextricable entre ensayo y «ficción»” (22). En efecto, o conto presenta varios recur-

sos que adoitan entenderse como característicos do primeiro destes xéneros, como notas a pé de páxina e referencias a enciclopedias ou atlas que son citados como fontes:¹²

Leímos con algún cuidado el artículo [da *Encyclopaedia Britannica* sobre Uqbar]. [...] Leímos, verbigracia, que las tierras bajas de Tsai Jaldún y el delta del Axa definen la frontera del sur y que en las islas de ese delta procrean los caballos salvajes. Eso, al principio de la página 918. En la sección histórica (página 920) supimos que a raíz de las persecuciones religiosas del siglo XIII, los ortodoxos buscaron amparo en las islas [...]. La bibliografía enumeraba cuatro volúmenes que no hemos encontrado hasta ahora, aunque el tercero —Silas Haslam: *History of the Land Called Uqbar*, 1874— figura en los catálogos de la librería de Bernard Quaritch.¹³ El primero, *Lesbare und lesenwerthe Bemerkungen über das Land Ukkbar in Klein-Asien*, data de 1641 y es obra de Johannes Valentinus Andreaë. (18)

Xunto a estes, aparecen outros máis tendentes á irredutibilidade. Entre eles atópanse o modo de desenvolver o discurso que elixe o narrador, a ausencia de intervencións doutros personaxes en estilo

¹² Estes recursos, en calquera caso, constitúen tan só usos formais do método de traballo propio do xénero ensaístico e, aínda que aparece unha cita verídica de Bertrand Russell (25), na maior parte dos casos as referencias e citas remiten a obras ficticias ou a pasaxes inexistentes de obras reais, como se encargou de clarificar Fernández Ferrer (107-13, 119).

¹³ Neste punto, no texto orixinal, Borges introduce o seguinte comentario en nota ao pé: “Haslam ha publicado también *A General History of Labyrinths*” (18).

directo, a elección dun tema ($Uqbar$) que —polo menos durante o primeiro fragmento de entre os que compoñen o conto— parece completamente alleo á vida persoal do narrador e a calquera posible acontecemento ou peripecia (relacionado polo tanto só co ámbito da curiosidade intelectual), etc.

Un ensaio non configura un mundo ficcional senón que no fundamental resulta un texto de carácter descritivo-argumentativo centrado habitualmente no mesmo mundo dende o que é producido; ou, polo menos, se considera outros mundos ficcionais, estes teñen como orixe textos distintos e previos respecto ao do ensaio en cuestión. Sen ser a causa do movemento de comparación entre os valores de a para $m_1=m_2$ e m_0 —xa identificado como inevitable en calquera proceso de lectura ficcional—, a forma ensaística e a estrutura enmarcada, de *matriosca*, de “Tlön” resultan útiles neste contexto para potenciar o antedito movemento a partir dunha configuración da realidade tan afastada da ordinaria como a do planeta Tlön. É dicir, a forma ensaística, sen ser a fonte da función referencial do texto, refórzaa ao activar unha determinada lectura e manexo da informa-

ción ofrecida polo narrador ao respecto das configuracións de a para $m1$ e $m2$.

Así, tomando o exemplo manexado anteriormente, o papel central da estrutura das linguas de Tlön nos seus desenvolvementos epistemolóxicos anima a unha comparación co caso do mundo real. A hipótese de que no noso mundo sucede o mesmo non é avanzada directamente polo narrador pero permanece nun estado latente pola estrutura do relato. Se Tlön fose presentado directamente dende unha narración fantasiosa ortodoxa en terceira persoa, ofrecendo a mesma información, o seu a non se vería modificado, pero a nitidez desa proposta latente diminuiría. É máis, a forma de ensaio dilúe a evidencia coa que o texto de “Tlön” crea un $m1$, polo que as alteracións do a deste mundo respecto ao de $m0$ quedan á súa vez disimuladas. Dese xeito, a lei mencionada ao inicio deste subapartado para $m1$ —é dicir, poder tomar os valores para a dos mundos ficcionais configurados a partir del— queda en boa medida oculta e a sensación de *relative possibility* entre $m0$ e $m1$ é máxima; aínda que, como xa se viu, é imposible falar dunha maior ou menor proximidade entre estes mundos da que hai entre $m0$ e $m2$.

4 Conclusións

A concreción no prólogo do *Tractatus* por parte de Wittgenstein do obxectivo da súa obra —“dem Denken eine Grenze ziehen, oder vielmehr—nicht dem Denken, sondern dem Ausdruck der Gedanken” (9; “trazar un límite ao pensar ou, máis ben, non ao pensar senón á expresión dos pensamentos”)— non atopa unha correlación directa en “Tlön”, se o que se busca é unha declaración dunha vontade expositivo-argumentativa por parte de Borges. Non obstante, elementos como a forma ensáistica do conto, a descrición das leis que gobernan Tlön ou as referencias neste proceso a diversos filósofos reais —sumadas á inevitable comparación entre o procedemento *a* de $m_1=m_2$ co de m_0 — estimulan unha lectura (por expresalo nos termos de Villanueva) que *anima* a identificar unha determinada liña

de reflexión dentro da que se desenvolve o progreso argumental do conto. Esta liña, xa considerada no segundo apartado deste ensaio, preocúpase polo vínculo existente entre a linguaxe e a representación da realidade, e entre esta representación e o que podería identificarse como o plano do nouménico (xa sexa aceptado ou negado, como sucede no mundo de Tlön). Os seus elementos fundamentais son, polo tanto, os mesmos que estruturan as reflexións de Wittgenstein no *Tractatus*: *Satz* (proposición: linguaxe), *Bild* (figura: representación) e *Wirklichkeit* (realidade: planos noumenal e fenoménico).

Esta afinidade revela un terreo comparativo moi fértil, especialmente privilexiado respecto ás opcións que ofrece para o estudo das relacións entre literatura e filosofía. Aínda que as diferenzas e similitudes entre o *Tractatus* e “Tlön” non esgotan as existentes entre ambos réximes discursivos, son obras que poden amosar —mediante os seus desenvolvementos en boa medida paralelos— algunhas de entre as distintas posibilidades específicas para as que estes atopan un acceso máis propio. En Wittgenstein (no discurso filosófico), pode facerse referencia directa á configuración de valores para m0. En Bor-

ges (no discurso literario-ficcional), a configuración de m_0 fronte a $m_1=m_2$ (*vid.* nota ao pé 8) e a necesidade do movemento comparativo entre os a para estes mundos liberan a “Tlön” da necesidade de avanzar directamente afirmacións relativas a m_0 .¹⁴ No lugar desta opción, non obstante, aparece a de que as configuracións de dous mundos ficcionais (inmanentes e independentes respecto a m_0) referencien a de m_0 , de maneira que non resulte posible evitar a consideración deste último compoñente ao longo do proceso de lectura.

Dese xeito, convértese en integral a posta en xogo da configuración de m_0 por parte do lector. En cada ocasión na que se especifica un valor de verdade para unha proposición en $m_1=m_2$ (por exemplo, afirmándose que “a epistemoloxía en Tlön vén determinada pola estrutura das linguaxes naturais”) referénciase ese valor de verdade para a proposición análoga en m_0 ; sen que resulte posible predicar algo sobre este último valor directamente no interior do texto ficcional. Cando o narrador establece que “El mundo para ellos [os habitantes de Tlön] no es un concurso de objetos

¹⁴ Operación de todos os xeitos imposible para un texto ficcional, como se aclara nos parágrafos que seguen.

en el espacio; es una serie heterogénea de actos independientes. Es sucesivo, temporal, no espacial” (22), pode sobreentenderse que *para nós* o mundo si é “un concurso de objetos en el espacio...”; pero este *nós* está sempre confinado a m_1 e non pode referirse a m_0 de xeito inmediato. O texto ficcional límitase a sinalar as proposicións análogas en m_0 e a esixir unha consideración ao respecto delas, contra a que se construíra o carácter do mundo ficcional. Os recursos mencionados anteriormente —dotar ao conto da forma dun ensaio, etc. — implican que a contraposición do *eles* de m_2 co *nós* de m_1 provoque que a sensación de *relative possibility* entre m_0 e m_1 aumente e que a existente entre m_0 e m_2 (e m_1 e m_2) diminúa. Entrementres, nada se afirma respecto a como é o mundo para os habitantes de m_0 pero a cuestión en si mesma queda sinalada e incluso se privilexia unha resposta: se a sensación de *relative possibility* diminúe entre m_0 e m_1 mentres que aumenta entre m_0 e m_2 , resultará máis sinxelo que a resposta para m_1 (que si que se dá a entender) estea próxima á adecuada para m_0 .

Por outra parte, as dúas obras enfrontan o mesmo problema central ao tratar a cuestión arredor das relacións entre os elementos *Satz*, *Bild* e *Wirklich-*

keit: a imposibilidade estrutural de definir explicitamente estas relacións *dende* m_0 *para* m_0 .¹⁵ Non obstante, en ningunha das dúas obras se renuncia a enfrontar a cuestión. Ambas ofrecen ferramentas heurísticas para asegurar que, cando menos, esta quede esgotada dende as vías de investigación e experimentación emprendidas polos seus autores. De xeito crítico, tanto Borges como Wittgenstein están obrigados a esperar que o lector poida empregalas para acceder ao coñecemento que resulta imposible reflectir inmediatamente nelas. Borges, por causa do carácter ficcional de “*Tlön*”, que pode favorecer ao máximo a sensación de *relative possibility* entre m_1 e m_0 , pero non pode falar de xeito directo deste último. Wittgenstein, debido a que o seu sistema deixa sen sentido boa parte das súas afirmacións (son *Satz* que tratan de producir un *Bild* da *Wirklichkeit* cando iso non é unha operación posible), polo que debe

¹⁵ A idea sobre a que repousa o desenvolvemento da narración en “*Tlön*” podería identificarse co deseño dunha estrutura mediante a cal esta mesma operación resulta factible no ámbito do literario. A *First Encyclopaedia of Tlön* é un texto ficcional que, dende m_1 —mediando a creación dun m_2 (*Tlön*)—, modifica a realidade de m_1 ata facela coincidir co escrito nel. Dese xeito, invértese a dirección do vector *Wirklichkeit-Bild-Satz* e pasan a ser as proposicións as que configuran a realidade, facendo posible definir (xa non dun xeito pasivo senón activo) a realidade de m_1 dende m_1 .

desistir do cumprimento da súa vontade inicial a través dun artellamento de proposicións respecto á natureza do mundo e a linguaxe:

6.54 Meine Sätze erläutern dadurch, dass sie der, welcher mich versteht, am Ende als unsinnig erkennt, wenn er durch sie – auf ihnen – über sie hinausgestiegen ist. (Er muss sozusagen die Leiter wegwerfen, nachdem er auf ihr hinaufgestiegen ist.) Er muss diese Sätze überwinden, dann sieht er die Welt richtig. (111; “As miñas proposicións aclaran do seguinte xeito: aquel que me entende recoñéceas ao final como carentes de sentido cando a través delas –situado sobre elas– se alza sobre elas. Por así dicilo, ten que tirar a escada unha vez que se alza sobre ela. Debe superar estas proposicións e entón verá o mundo correctamente.)

“Tlön” e o *Tractatus* dependen do lector para que o espazo de reflexión que abren, ademais de vir sinalado pola escritura, non quede vedado polas limitacións desta. O lector só pode ocupar e aproveitar o devandito espazo mediante a superación da obra.

Bibliografía

Borges, Jorge Luis

1. *Inquisiciones*. Madrid: Alianza, 2001.
2. *Otras inquisiciones*. Madrid: Alianza, 2002.
3. *Ficciones*. Barcelona: Alianza, 2014.

Doležel, Lubomír

Heterocósmica. Ficción y mundos posibles. Arco, 1999, Madrid.

Fernández Ferrer, Antonio, editor

Borges A/Z. Madrid: Siruela, 1988.

Ficciones de Borges. En las galerías del laberinto. Madrid: Cátedra, 2009.

Halleck, John

“System K”. *John Halleck*, Universidade de Utah, 2007, [en línea] consultado o 30-XII-2016.
URL: home.utah.edu/~nahaj/logic/structures/systems/#K.

Hughes, G. E. e M. J. Cresswell

Introducción a la lógica modal. Tecnos, 1973, Madrid.

Kripke, Saul.

“Semantical Analysis of Modal Logic I. Normal Modal Propositional Calculi”. *Branden Fitelson*, 2008, [en línea] consultado o 30-XII-2016.

URL: www.fitelson.org/142/kripke_1.pdf.

Leibniz, Gottfried Wilhelm

Œuvres de Leibniz. París: Charpentier, 1842, Google Books, [en línea] consultado o 30-XII-2016. URL:

books.google.com/books?id=RxAoAAAA-YAAJ.

Magee, Bryan

The Philosophy of Schopenhauer. Oxford: Clarendon, 1983.

Martín, Marina

“Borges Via the Dialectics of Berkeley and Hume”. *Variaciones Borges*, nº 9, 2000, pp. 147-62, [en línea] consultado o 30-XII-2016. URL: www.borges.pitt.edu/bsol/documents/0907.pdf.

“Borges, perplejo defensor del idealismo”. *Variaciones Borges*, nº 13, 2002, pp. 7-21, [en

liña] consultado o 30-XII-2016. URL: www.borges.pitt.edu/bsol/documents/1301.pdf.

Menzel, Christopher

“Possible Worlds”. *Stanford Encyclopedia of Philosophy*, 2016, [en liña] consultado o 30-XII-2016. URL: plato.stanford.edu/entries/possible-worlds/.

Pears, David

Ludwig Wittgenstein. Barcelona: Grijalbo, 1973.

Ronen, Ruth

Possible Worlds in Literary Theory. Cambridge University, 1994, Cambridge.

Vandenabeele, Bart, editor

A Companion to Schopenhauer. Wiley-Blackwell, 2012, Chichester.

Villanueva, Darío

Teorías del realismo literario. Biblioteca Nueva, 2004, Madrid.

Wittgenstein, Ludwig.

Tractatus Logico-Philosophicus. Kevin C. Klement, editor, *Kevin C. Klement*, Universidade de Massachusetts Amherst, 2015, [en liña] consultado o 30-XII-2016.

URL: people.umass.edu/klement/ttp/.

Índice

11	1. Introducción
15	2. Satz, Bild, Wirklichkeit
31	3. Mundos posibles, mundos ficcionais
53	4. Conclusións
59	Bibliografía

EDICIÓN NON VENAL

ISSN 2340-8537